



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E O CLUB VOLEIBOL PONTEVEDRA PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE DO VOLEIBOL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 CO APOIO Á PARTICIPACIÓN NA FASE FINAL DA SEGUNDA DIVISIÓN NACIONAL SENIOR FEMININA DE VOLEIBOL 2025/26

No Concello de Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas pola lexislación do Réxime e Administración Local.

Doutra parte, D. Patricia Valcárcel Perez, co NIF ***2947**, actuando en nome e representación da entidade Club Voleibol Pontevedra (NIF G36040913), segundo resulta acreditado na documentación de representación incorporada ao expediente, asegurando a vixencia do seu cargo e das súas facultades para este acto.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto

EXPOÑEN:

I. Atendendo ao disposto polos artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo. Débese ter en conta tamén o disposto no artigo 43 da Constitución de 1978, cando estipula que: “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asemade, facilitarán a axeitada utilización do ocio”.

II. Que entre os principais fins da entidade Club Voleibol Pontevedra figuran os concorrentes coas competencias municipais expresadas.

III. Dentro dos obxectivos básicos do goberno local de Pontevedra está o do fomento da actividade deportiva en todas as súas manifestacións, actividade que constitúe un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.

A asistencia á “Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26”, que se disputa en Valladolid, e para a que solicita a axuda é de grande interese para o Concello de Pontevedra no seu esforzo de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro da nosa cidade que desenvolven a súa actividade no deporte federado non só no plano deportivo ao tratarse dunha fase final de voleibol senón tamén no aspecto de promoción da cidade e da súa imaxe no exterior dinamizando activamente o turismo interno.

A relevancia da proba deportiva sinalada, así como as razóns de promoción do deporte de base e da difusión da imaxe da cidade no exterior xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade





Cómpre subliñar que por ser unha actividade extraordinaria e que non pode ser prevista con anterioridade xa que se trata dunha consecuencia dun resultado deportivo, impide a consignación nominativa no Orzamento Municipal dunha aplicación orzamentaria específica con esta finalidade, polo que a tramitación da axuda deberá de encanarse polo procedemento previsto no artigo 36.3 da OXS, tendo en conta a importancia da participación dun equipo pertencente ao noso municipio nun campionato de nivel estatal para a difusión do Concello e para cuxo financiamento resulta indispensable a colaboración municipal.

IV. Os estatutos da devandita entidade foron validados e atópase inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia co número 132 e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Pontevedra co número C-0499.

V. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, este Concello comprometeu no seu Orzamento Xeral para 2026 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos derivados das axudas directas que de xeito excepcional poidan concederse cando, como é o caso, se acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública (artigo 22.2.c LXS).

VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VII. A subvención obxecto do presente convenio atópase incluída na ficha 2026/DEP/0001 do Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra 2026-2028, correspondente á área competencial de Deportes, baixo a liña de subvención "Subvención a asociacións deportivas do Concello de Pontevedra para fomentar a práctica deportiva e a participación en competicións". A devandita ficha prevé como destinatarias as entidades deportivas sen ánimo de lucro e contempla, de forma excepcional, a posibilidade de conceder axudas de forma directa cando se acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, nos termos do artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

VIII. A participación na "Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26", ao derivar a clasificación para o mesmo da obtención de resultados deportivos ao longo da tempada, corresponde en exclusiva ao Club Voleibol Pontevedra, o que impide a concorrência con outras entidades, xustificando a imposibilidade de promover unha concorrência pública da subvención aprobada.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO E ACTIVIDADE SUBVENCIONADA.

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa, das previstas no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que se outorga polo Concello de Pontevedra á entidade Club Voleibol Pontevedra (NIF G36040913), para apoiar a participación na "Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26" que se disputa en Valladolid do 21.05.26 ao 24.05.26

OBXECTO





O fomento da actividade deportiva como un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E PERÍODO DE REALIZACIÓN

Actividade	Período realización
"Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26" (Valladolid)	21.05.26 a 24.05.26

A subvención outórgase de conformidade coas disposicións da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos (OXS), aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

SEGUNDA.- IMPORTE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade máxima de tres mil cincocentos vinte e cinco euros (3.525,00 €), para colaborar nos gastos derivados da participación na "Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26".

Debido ás especiais razóns de interese público e social que se xustifican no expediente, a porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 100% do custe da actividade.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do Orzamento Xeral do Concello que se detalla, tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
2026.05.3410.489.01	12026000036920	3.525,00 €
IMPORTE TOTAL		3.525,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade Club Voleibol Pontevedra (NIF G36040913) está obrigada ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da LXS, no artigo 11 da LGS e no artigo 7 da OXS, e ao seguinte:

1. Destinar a subvención a sufragar os gastos derivados da súa participación na actividade descrita e a destacar en lugar preeminente a colaboración económica ou patrocinio do Concello de Pontevedra,





tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión da actividade.

2. A colaboración do Concello de Pontevedra limítase á achega da subvención comprometida. Esta Administración está eximida de calquera responsabilidade civil ou de calquera tipo que poida derivarse da realización da actividade.

Consonte co disposto nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, a entidade beneficiaria, ten que subscribir obrigatoriamente un seguro para o suposto de accidente deportivo e un seguro de responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar ás persoas usuarias, a participantes e a calquera outra persoa, como consecuencia da participación da actividade desenvolta.

3. Se a actividade subvencionada implicou o contacto habitual con menores de idade, a entidade beneficiaria e responsable de dispoñer das certificacións legalmente establecidas para acreditar que as persoas adscritas á realización da actividade para o que se solicitou a axuda non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

4. Non se permite a subcontratación da actividade subvencionada, entendida como a concertación con terceiros da execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, sen prexuízo da contratación dos gastos necesarios para a súa realización nos termos indicados anteriormente.

A entidade beneficiaria poderá contratar con terceiros os gastos necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, tales como desprazamentos, aloxamento, manutención, inscricións, transporte, material ou outros gastos directamente vinculados á participación na Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26.

5. Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor (a data, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministro o de servizos), deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

6. De conformidade co artigo 33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, os carteis, a publicidade e toda produción escrita da actividade producida pola asociación beneficiaria da subvención, se a houbera, ten que estar en lingua galega.

7. A entidade beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano outorgante da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

Nomeadamente, e no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

CUARTA.- GASTO SUBVENCIONABLE

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.





O IVE soportado, que deberá de constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubidable e se realicen no período no que se desenvolva a actividade. En concreto, consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexa contratado especificamente para levar a cabo o evento subvencionado; neste caso, deberá de achegarse certificado do beneficiario relativo ao custe imputado á subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A actividade realizouse no ano 2026. Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da subvención realizarase previa xustificación pola beneficiaria da participación na actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. O procedemento rematará coa resolución que aprobe a xustificación da subvención do Concello.

A asociación beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención, na forma de conta xustificativa simplificada, consonte co establecido no artigo 75 do Regulamento da Lei xeral de subvención, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

A conta xustificativa presentarse a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera dos rexistros electrónicos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende a finalización da realización da actividade subvencionada.

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

A modalidade de xustificación será a de conta xustificativa simplificada, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento no modelo normalizado facilitado polo Concello.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación da actividade realizada e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a subvención se outorgue con arranxo a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación o importe e a súa procedencia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.
- Documentación xustificativa da subscrición dos seguros obrigatorios previstos nos artigos 22 e 23 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia.
- Documentación que acredite a publicidade por parte da entidade beneficiaria do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis, etc.)





O Concello poderá comprobar os xustificantes de gasto que estime oportunos e que permitan obter a evidencia sobre a axeitada aplicación da subvención, polo que poderá requirirse da entidade beneficiaria a presentación das facturas e dos demais xustificantes de gasto que correspondan.

Neste caso, as facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

Deberá indicarse pola beneficiaria a data da realización do pago e, no caso de que este non poida acreditarse coa conta xustificativa, a entidade beneficiaria deberá de comunicar ao Concello a realización do pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal.

Segundo o artigo 7.1 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude na súa redacción dada pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de evasión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo. (BOE núm. 164, de 10 de xullo de 2021) non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria por algún medio de pago distinto ao efectivo, debendo conservar os xustificantes do pagamento, durante un prazo de cinco anos dende a data da súa realización, aos efectos de acreditar a realidade do mesmo.

SEXTA.- ÓRGANO DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da asociación.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

En todo caso, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime das partes asinantes do mesmo.

OITAVA.- VIXENCIA E CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2026.

Serán causas de extinción deste Convenio:

1. O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
2. O acordo unánime das partes asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da



entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos do Concello de Pontevedra e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

DÉCIMA. TITULARIDADE E PROPIEDAD INTELECTUAL

Os resultados deportivos derivados da participación na Fase final da segunda división nacional senior feminina de voleibol 2025/26 corresponderán ao Club Voleibol Pontevedra, sen prexuízo de que o Concello de Pontevedra poida facer uso da información relativa á participación e resultados obtidos para os efectos de comprobación, avaliación, difusión institucional da colaboración municipal e rendición de contas.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O Concello de Pontevedra obrígase a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 Xeral de Protección de Datos (RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

RESPONSABLES DO TRATAMENTO: Concello de Pontevedra (P3603800H) e o Club Voleibol Pontevedra (G36040913).

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión do Convenio;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Relación contractual en base ao Convenio establecido (artigo 6.1,b do RGPD) e o exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD).

DESTINATARIOS DOS DATOS: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión do Convenio;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable.

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "[Dereitos sobre Protección de Datos](#)";

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@pontevedra.eu

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

